

Rumorosos... roncan, rosman (andreaia costas)

Desfixera os grelos e as verzas
fozara nos alcouves
a xabaryl.

No campo de millo
rompeu as espigas e as canas
a xabaryl.

Preparei a batida:
uniforme, *podenco*, licor café
e un fusil.

Rumorosos... roncan, rosman
por máis dereitos ca obrigas.

Outro disparo que viña de lonxe
–pensando que era porco bravo–
fixo branco en min.

Fun cazador cazado
co alcohol no sangue
en ausencia da xabaryl.

Rápido, o can,
morreu no acto

colguei o meu fusil.

E aprendín
que a violencia corre
co disparo dunha bala

cun chisqueiro
unha coitelada,
unha labazada
co golpe de martelo
nun tribunal de xustiza.

A terra dos piñeirais non é territorio
de trofeos ou conquistas.

Rumorosos... roncan, rosman
por máis dereitos ca obrigas.

A Torre de Caldaloba
resistencia defensiva
espírito de dona Constanza
no castro do outeiro
símbolo vivo en San Martiño do Pino
para a defensa:

da landra,

da castaña,

do bacoriño

do cocido

do reino de Galiza.

Rumorosos... roncan, rosman
por máis dereitos ca obrigas.

A femia que aléitea o leitón
non collerá armas pra
ocupar o país...

do reino de Galiza.

#non_pasarán